



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO NÚM. 11 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 31 DE XULLO DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

D. Severino Figueiras Lestón (BNG)

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

SECRETARÍA XERAL

Da. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria do Concello que certifica.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO. Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais e designación de



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

voceiros

Intervención da Sr. Monteagudo que expresa que quere formular unha cuestión de orde que segundo a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que un único concelleiro non pode ter grupo propio.

Dáse conta ao Pleno da constitución do grupo político municipal do PP coa voceira a Da. María Inés Monteagudo Romero e cos voceiros suplentes na seguinte orde: Da. María del Carmen González García, D. José Vázquez Rama, D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP) e Da. María Manuela Leis Cambeiro, do grupo político municipal do BNG nomeada voceira a Da. María Lago Lestón e voceiros suplentes na seguinte orde: D. Severino Figueiras Lestón, Da. Laura Eiras Rivadeneira e D. Mario Martínez Lago (BNG) e do grupo político municipal do PSOE coa voceira Da. Caridad González Cerviño e voceiros suplentes: D. Damián Torea García e Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE) e do grupo mixto, que en aplicación do artigo 74 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, queda composto por, D. Manuel Secundino Lago Álvarez e nomeado voceiro, D. Manuel Secundino Lago Álvarez.

Aquí voulle dar a palabra a señora secretaria para que explique o punto polo que se fixo a nomeación do grupo mixto en lugar do grupo de Muros Centrado.

A secretaria da corporación indica que resulta de aplicación ao grupo mixto de Muros Centrado o artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que di ao respecto:

“Artículo 74

4.- Se integrarán, en todo caso, en el grupo mixto los miembros de los partidos políticos, federaciones, coaliciones o agrupaciones que no hubiesen obtenido un mínimo de dos escaños.

En el supuesto de que no existiese grupo mixto, éste quedará constituido por el miembro del partido político, federación, coalición o agrupación que haya obtenido un solo escaño”, como é o caso.

A señora alcaldesa di o seguinte

Como decíamos o grupo de Muros Centrado queda integrado no grupo mixto pero isto na práctica non constitúe grandes diferenzas posto que ó ser o único concelleiro que conforma o grupo mixto todas as asignacións que tería como grupo político que serían as do grupo mixto, considerase como grupo político máis, van para ao partido de Muros Centrado que é o único partido que integra o Grupo Mixto. É un tema máis formal que práctico pero sobre o papel digamos ten que quedar así.

A continuación a señora Alcaldesa da a palabra ao Sr. Lago.

O Sr. Lago sinala que a verdade é que non lle escoitou á señora secretaria pero se van pola regulamentación de Galicia lévaselle moi concretamente ao Grupo Mixto. Entende perfectamente que a lexislación de Galicia está sometida á lexislación xeral do estado e se vai á lexislación xeral do Estado vai á Lei 7/1985 onde me di toda claridade que a efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constitúense en grupos políticos. Di os membros e non fala nin de un, nin de dous nin de catro, fala dos membros das corporacións locais

En plan simpático eu non me considero mixto, teño as miñas cousas pero en ningún caso me considero mixto, e di que non está de acordo. Á expensas do artigo 94.4 do ROF rogo a señora Presidenta que lle de a palabra á Sra. Secretaria para que concrete o artigo de aplicación.

A secretaria reitérase que se fai referencia ao artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que é o que resulta de aplicación e en virtude do cal o Sr. Lago Álvarez integrárase no Grupo Mixto.



O Sr. Lago di que el acaba de invocar unha norma superior que en ningún caso me di a min que teña que estar aquí ou teña que estar alá pregunta e si vou máis alá recordarlle a Señora Secretaria que circular enviada pola Secretaría xeral di que se constituía como grupo político e non fala en ningún momento de grupo mixto.

SEGUNDO. Dación de conta das resolucións da Alcaldía sobre o nomeamento das Tenencias de Alcaldía, nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias

Dáse conta ao Pleno da Resolución de Alcaldía núm. 658/2023 do 13 de xullo de 2023 sobre o nomeamento de concelleiros/as delegados/as, da Resolución de Alcaldía núm. 692/2023 do 24 de xullo de 2023 sobre o nomeamento das Tenencias de Alcaldía e da Resolución de Alcaldía núm. 696/2023 do 26 de xullo de 2023 da designación dos membros Xunta de Goberno Local, sobre o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e sobre a delegación de competencias.

TERCEIRO. Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno e da Xunta de Goberno Local

Intervén a señora alcaldesa que explica a proposta de periodicidade das sesións do pleno e da Xunta de Goberno Local que é como segue:

“Conforme ao artigo 46 da LRBRL o pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos concellos de unha poboación entre 5001 e 20.000 habitantes.

O Concello de Muros ten unha poboación de entre 5001 e 20.000 habitantes, polo que deberá de celebrar sesión ordinaria do pleno como mínimo cada dous meses, correspondendo ao órgano plenario da Corporación a fixación concreta da periodicidade das sesións plenarias ordinarias.

A periodicidade mínima das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, salvo que o Regulamento Orgánico estableza outra cousa será cada 15 días, de conformidade co previsto no artigo 112 do ROF.

O Concello de Muros non conta con Regulamento Orgánico que regula a Xunta de Goberno Local polo que será de aplicación o previsto no ROF.

Polo tanto, a Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada 15 días.

O día e hora é competencia da Alcaldía pero a periodicidade (co límite mínimo de cada 15 días) é competencia do Pleno da Corporación por aplicación da previsión contida no artigo 211 da LALGA que establece que a Xunta de Goberno Local para exercer as súas competencias resolutorias terá sesións ordinarias ca periodicidade determinada polo pleno da corporación e sesións extraordinarias cando o presidente o decida.

Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- *Que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 20.30 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ó día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello.*

Segundo.- *Que as convocatorias do Pleno do Concello de Muros sexan notificadas aos concelleiros por correo electrónico, con aviso mediante mensaxe de texto remitido ao teléfono móbil.*

Terceiro.- *Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se celebren cada 15 días notificando ditas sesións con antelación de 24 horas aos seus compoñentes por correo electrónico, acompañada da orde do día dos asuntos a tratar.”*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo quere engadir unha emenda de adición no punto segundo na que diga que se poña a disposición dos grupos unha copia da documentación en papel.

A señora alcaldesa di que a emenda debería presentarse mediante escrito, mais non van poñer pegas e si roga que soliciten a copia por escrito para evitar o gasto de papel.

O Sr. Lago di que en canto á celebración dos plenos e das comisións informativas deberían levarlos a cada unha das parroquias para que a veciñanza os poida escoitar e con respecto os días e horario de celebración non ten nada que dicir.

A Sra. González indica que non ten nada que dicir.

A señora alcaldesa di que se terá en conta a existencia de edificios accesibles nas diferentes parroquias.

A Sra. Monteagudo sinala que a orde de intervención é de maior a menor.

A señora alcaldesa di que non teñen inconveniente.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal popular (5), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 20.30 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ó día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Segundo.- Que as convocatorias do Pleno do Concello de Muros sexan notificadas aos/ás concelleiros/as por correo electrónico, con aviso mediante mensaxe de texto remitido ao teléfono móbil.

Terceiro.- Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se celebren cada 15 días notificando ditas sesións con antelación de 24 horas aos seus compoñentes por correo electrónico, acompañada da orde do día dos asuntos a tratar.

CUARTO.- Creación e composición das Comisións Informativas permanentes e especiais e periodicidade das súas sesións ordinarias

Intervén a alcaldesa que explica a proposta para a creación das comisións informativas permanentes e da comisión especial de contas que é do seguinte literal:

“Conforme ao previsto no artigo 20.1.c) da LRBRL, nos municipios de mais de 5.000 habitantes e nos de menos en que así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou o acorde o pleno, existirá, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que terán que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros/as que teñan no pleno.

O artigo 20.1.e) da LRBRL establece que a Comisión Especial de Contas debe existir en todos os municipios, independentemente da súa poboación.

O artigo 124 do ROF preceptúa que as Comisións Informativas poden ser permanentes e especiais. Son comisións informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral distribuindo entre elas as materias que terán que someterse ao pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

variación das mesmas durante o mandato corporativo decidirse mediante acordo adoptado polo pleno á proposta do alcalde/esa, procurando no posible a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos corporativos. As Comisións Informativas Especiais son aquelas que se constitúen para un asunto concreto, e se extinguen unha vez ditaminado ou informado o dito asunto; salvo que no acordo plenario se dispoña outra cousa.

De acordo co disposto no artigo 125 do ROF, o acordo de creación de Comisións Informativas determinará a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O alcalde/esa é o presidente nato de todas elas, sen embargo a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, á proposta da propia comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

b) Cada comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Non obstante, neste punto, a Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), permite acudir ao sistema de voto ponderado. Dada a actual composición da Corporación de Muros con 4 grupos municipais, a figura do voto ponderado amosa ser a mais eficiente para o funcionamento das Comisións Informativas permanentes.

c) A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido ó alcalde/esa ou presidente, e do que se dará conta o pleno. Poderá designarse representante titular e suplente.

Establece o artigo 127 do ROF que a Comisión de Contas poderá funcionar como comisión informativa permanente de Economía e Facenda da entidade.

Polo o exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- *En relación ás Comisións Informativas Especiais, existirá a seguinte:*

- *Comisión Especial de Contas*

A Comisión Especial de Contas, prevista no artigo 116 da LBRL, correspóndelle o exame, estudio e informe de tódalas contas orzamentarias e extra orzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación de réxime local. A súa composición e membros serán os da Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Segundo.- *Constituír as Comisións Informativas permanentes que a seguir se relacionan:*

- *Comisión Informativa permanente de urbanismo, obras, servizos e medioambiente, con atribucións nas materias relativas a urbanismo, obras, servizos e medioambiente.*
- *Comisión Informativa permanente de ensino e lingua, con atribucións nas materias relativas a ensino e lingua.*
- *Comisión Informativa permanente de participación veciñal e transparencia, con atribucións nas materias relativas a participación veciñal e transparencia.*
- *Comisión Informativa permanente de muller e igualdade, con atribucións nas materias relativas a muller e igualdade.*
- *Comisión Informativa permanente de persoal, con atribucións nas materias relativas a persoal.*



- Comisión Informativa permanente de promoción económica e festexos, con atribucións nas materias relativas a promoción económica e festexos.
- Comisión Informativa permanente de economía e facenda, con atribucións nas materias relativas a economía e facenda.
- Comisión Informativa permanente de cultura e turismo, con atribucións nas materias relativas a cultura e turismo.
- Comisión Informativa permanente de deporte e mocidade, con atribucións nas materias relativas a deporte e mocidade.
- Comisión Informativa permanente de seguridade cidadá, con atribucións nas materias relativas a seguridade cidadá.

Terceiro.- As Comisións Informativas Permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta exercite competencias delegadas polo Pleno agás no caso de adopción de acordos declarados urxentes, e naqueles asuntos que non sendo de competencia plenaria así o decidan expresamente a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, correspóndelle o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e das Concellerías que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control do Pleno.

Cuarto.- As Comisións Informativas estarán presididas pola señora alcaldesa ou concelleiro no que delegue, aplicándose o sistema de voto ponderado: Grupo Popular 38%; BNG: 31%; PSdeG-PSOE: 23%, e grupo mixto Muros Centrado 8%.

Quinto.- As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao regulado nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria na data e hora establecidas pola Sra. alcaldesa, coa mesma periodicidade que as sesións do Pleno."

A señora alcaldesa di que se fixeron estas comisións informativas atendendo ás áreas delegadas de cada concellería e estarán presididas pola Alcaldía pero coa asistencia de cada concellería delegada de área e dá paso ás intervencións.

A Sra. Monteagudo di que as comisións informativas deberanse corresponder coas grandes áreas referidas no decreto 658/2023, nas que se estruturan os servizos municipais. Traen unha proposta de dez comisións informativas que duplica as existentes e di que lles sorprende que a Sra. Eiras, que ten unha área bastante ampla, estea en catro comisións e non saben moi ben de que áreas se fará cargo a Alcaldía. Sinala que curiosamente non existe ningunha comisión que atenda a servizos sociais que si aparece como área de traballo. Aparece tamén unha Comisión de Economía e Facenda e tampouco ten cabida nas áreas das Concellerías delegadas que inclúen unicamente a de Facenda; a comisión de deporte e mocidade tampouco se corresponde coa área da que se fai cargo o Sr. Torea. E por último está a Comisión de Seguridade cidadá que é a única coherente coas áreas determinadas pola Alcaldía xa que se corresponde exactamente coa Concellería Delegada da Sra. Maneiro.

Di que lles dá a impresión que é unha mestura e *batiburrillo*, e non entende a razón se é debida á desconfianza entres os membros do equipo de goberno ou se é pola remuneración económica que pasou de 31,90 euros a 100 euros. Sinala tamén con respecto ao voto ponderado non teñen nada que obxectar.

O Sr. Lago expresa que pasar de cinco comisións a dez non lle espanta en absoluto posto que non viu que no goberno anterior houbera unha delegación expresa de competencias e sinala que non pasa nada que hai que facelo o mellor posibles.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. González di que non se dan nin conta que cada concellería delegada vai a defender a súa área e di que nos últimos catro anos ningún concelleiro ou concelleiras, abriu a boca nas comisións informativas e que iso si que foi un *batiburrillo* e o que están intentado facer os dous grupos é que funcione xa que non funcionou ata o momento.

A señora alcaldesa sinala que as grandes áreas non teñen porque supor unha comisión determinada, porque non ten moito sentido que se crea unha específica para a concellería delegada de Da. Rivadeneira. Indica que os/as concelleiros/as con dedicación non cobran a asignación económica das comisións, como ben sabe a Sra. Monteagudo, que cobrará só a oposición.

A Sra. Monteagudo, referíndose a Sra. González, di que a súa misión é controlar que gobernen para a veciñanza de Muros e di que verán se non só é polo pagamento e xa verán cantas sesións van a facer. Quere saber se nas que se mesturan varias áreas van a ir os/as concelleiros/as delegados de cada área e sinala que ten que aclarar o do voto ponderado de cada grupo.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e coa abstención do grupo municipal popular (5), adopta por maioría absoluta os seguintes acordos:

Primeiro.- En relación ás Comisións Informativas Especiais, existirá a seguinte:

- Comisión Especial de Contas

A Comisión Especial de Contas, prevista no artigo 116 da LBRL, correspóndelle o exame, estudio e informe de tódalas contas orzamentarias e extra orzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación de réxime local. A súa composición e membros serán os da Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Segundo.- Constituír as Comisións Informativas permanentes que a seguir se relacionan:

- Comisión Informativa permanente de urbanismo, obras, servizos e medioambiente, con atribucións nas materias relativas a urbanismo, obras, servizos e medioambiente.
- Comisión Informativa permanente de ensino e lingua, con atribucións nas materias relativas a ensino e lingua.
- Comisión Informativa permanente de participación veciñal e transparencia, con atribucións nas materias relativas a participación veciñal e transparencia.
- Comisión Informativa permanente de muller e igualdade, con atribucións nas materias relativas a muller e igualdade.
- Comisión Informativa permanente de persoal, con atribucións nas materias relativas a persoal.
- Comisión Informativa permanente de promoción económica e festexos, con atribucións nas materias relativas a promoción económica e festexos.
- Comisión Informativa permanente de economía e facenda, con atribucións nas materias relativas a economía e facenda.
- Comisión Informativa permanente de cultura e turismo, con atribucións nas materias relativas a cultura e turismo.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- Comisión Informativa permanente de deporte e mocidade, con atribucións nas materias relativas a deporte e mocidade.
- Comisión Informativa permanente de seguridade cidadá, con atribucións nas materias relativas a seguridade cidadá.

Terceiro.- As Comisións Informativas Permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta exercite competencias delegadas polo Pleno agás no caso de adopción de acordos declarados urxentes, e naqueles asuntos que non sendo de competencia plenaria así o decidan expresamente a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, correspóndelle o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e das Concellerías que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control do Pleno.

Cuarto.- As Comisións Informativas estarán presididas pola Sra. alcaldesa ou concelleiro no que delegue, aplicándose o sistema de voto ponderado: Grupo Popular 38%; BNG: 31%; PSdeG-PSOE: 23%, e grupo mixto Muros Centrado 8%.

Quinto.- As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao regulado nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria na data e hora establecidas pola Sr. alcaldesa, coa mesma periodicidade que as sesións do Pleno.

QUINTO. Nomeamento de representantes da Corporación Local en órganos colexiados

Intervén a señora alcaldesa que explica a proposta de nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados que sexan competencia do pleno que é do seguinte literal:

“De acordo co disposto no artigo 38 do ROF, o pleno ou plenos extraordinarios de organización da Corporación, deberá conter o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan de competencia do Pleno.

No Concello de Muros, por acordo plenario, deberanse nomear representantes nos seguintes órganos colexiados:

Consellos escolares dos centros docentes públicos deste concello:

- *CEIP “Ricardo Tobío”*
- *CEIP “Ramón de Artaza”*
- *IES “Fontexería”*
- *IES “As Insuas.*
- *Colexio de educación primaria “Agra de Filgueira”*
- *Escola de educación infantil de Muros*
- *Escola de educación infantil de Tal*

Mancomunidades das que forma parte o concello de Muros:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Mancomunidade de concellos “Serra de Barbanza”*
- *Mancomunidade da Auga dos concellos de Carnota e Muros*
- *Mancomunidade “Xallas Tines Tambre”*

Outros representantes do concello en órganos colexiados:

- *Mesa local de Comercio*
- *Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade*
- *Rede Galega de Dinamización Lingüística: representante político e representante técnico.*

Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante o Pleno decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- *Designar como representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros docentes públicos deste concello aos/ás concelleiros/as que se indican:*

- *CEIP “Ricardo Tobío”: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.*
- *CEIP “Ramón de Artaza”: Ó concelleiro Mario Martínez Lago.*
- *IES “Fontexería”: Ó concelleiro Mario Martínez Lago.*
- *IES “As Insuas”: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.*
- *Colexio de Educación primaria “Agra da Filgueira”: A concelleira Sandra Maneiro Pais.*
- *Escola de educación infantil de Muros: Ó concelleiro Mario Martínez Lago.*
- *Escola de Educación infantil de Tal: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.*
- *Consello escolar Municipal: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.*

Segundo.- *Designar como representantes municipais nas mancomunidades das que forma parte o Concello de Muros aos seguintes:*

- *Mancomunidade de concellos “Serra do Barbanza”: Á señora alcaldesa e un vogal de cada un dos grupos políticos municipais.*
- *Mancomunidade da Auga dos concellos de Carnota e Muros: Á señora alcaldesa e un vogal pertencente a cada un dos grupos políticos non integrados no goberno municipal.*
- *Mancomunidade “Xallas Tines Tambre”: a) Pleno: Á señora alcaldesa e dous vogais designados polos grupos políticos non integrados no goberno municipal; b) Xunta de Goberno Local: a Sra. alcaldesa.*

Terceiro.- *Designar como representantes do Concello de Muros nos órganos colexiados que se indican a continuación aos seguintes:*

- *Mesa local de Comercio: Á señora alcaldesa e a Concelleira Laura Eiras Rivadeneira.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade: Á señora alcaldesa.*
- *Rede Galega de Dinamización Lingüística Representante político, a concelleira Laura Eiras Rivadeneira e representante técnico: Dona Graciela Castro Alvela, suplente, Don David Pastoriza Fernández.*

Cuarto.- *A designación de vogais dos órganos colexiados polos grupos políticos farase mediante escrito do/a seu/súa voceiro/a dirixido á Alcaldía no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de adopción deste acordo.”*

A Sra. Monteagudo di que cren que a designación dos representantes municipais nos Consellos Escolares correspóndese a unha decisión de carácter territorial e isto vai dar lugar a diferenzas nos criterios en cada un dos consellos escolares.

O Sr. Lago di que lle chama a atención ver na proposta que se refiran aos grupos políticos municipais.

A señora alcaldesa di que como o grupo do BNG está representando pola Alcaldía o seu representante de grupo vanlle ceder ao grupo mixto de Muros Centrado e así o Sr. Lago pode estar presente na Mancomunidade Serra do Barbanza.

A señora alcaldesa di que con respecto aos representantes nos consellos escolares si teñen que ver coa vinculación territorial e cre que están perfectamente capacitados para atender as demandas de cada centro escolar e como deben saber, normalmente os consellos coinciden no tempo e os representantes non teñen o don de estar en varios sitios á vez, polo que tiveron que repartir a delegación e remata dando paso á segunda quenda de palabra.

A Sra. Monteagudo expresa que non dubidan da capacidade dos concelleiros e estalle a confirmar que se utiliza un criterio de competencia territorial e preocúpalles que poida dar lugar a diferenzas de criterios.

O Sr. Lago di que espera que non suceda o de corporacións anteriores e que espera que os nomeados dean conta das súas actuacións nos plenos co control e fiscalización dos órganos de goberno.

Rematadas as intervencións. o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e coa abstención do grupo municipal popular (5), adopta por maioría absoluta os seguintes acordos:

Primeiro.- Designar como representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros docentes públicos deste concello aos/ás concelleiros/as que se indican:

- CEIP “Ricardo Tobío”: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.
- CEIP “Ramón de Artaza”: Ó concelleiro Mario Martínez Lago.
- IES “Fontexería”: Ó concelleiro Mario Martínez Lago.
- IES “As Insuas”: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.
- Colexio de Educación primaria “Agra da Filgueira”: A concelleira Sandra Maneiro Pais.
- Escola de educación infantil de Muros: Ó concelleiro Mario Martínez Lago.
- Escola de Educación infantil de Tal: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.
- Consello escolar Municipal: Á concelleira Laura Eiras Rivadeneira.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Segundo.- Designar como representantes municipais nas mancomunidades das que forma parte o Concello de Muros aos seguintes:

- Mancomunidade de concellos “Serra do Barbanza”: Á señora alcaldesa e un vogal de cada un dos grupos políticos municipais.
- Mancomunidade da Auga dos concellos de Carnota e Muros: Á señora alcaldesa e un vogal pertencente a cada un dos grupos políticos non integrados no goberno municipal.
- Mancomunidade “Xallas Tines Tambre”: a) Pleno: Á Sra. alcaldesa e dous vogais designados polos grupos políticos non integrados no goberno municipal; b) Xunta de Goberno Local: a señora alcaldesa.

Terceiro.- Designar como representantes do Concello de Muros nos órganos colexiados que se indican a continuación aos seguintes:

- Mesa local de Comercio: Á señora alcaldesa e a Concelleira Laura Eiras Rivadeneira.
- Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade: Á señora alcaldesa.
- Rede Galega de Dinamización Lingüística Representante político, a concelleira Laura Eiras Rivadeneira e representante técnico: Dona Graciela Castro Alvela, suplente, Don David Pastoriza Fernández

Cuarto.- A designación de vogais dos órganos colexiados polos grupos políticos farase mediante escrito do/a seu/súa voceiro/a dirixido á Alcaldía no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de adopción deste acordo.

SEXTO. Asignación dos cargos con dedicacións exclusiva e parcial

Intervén a señora alcaldesa que manifesta que antes de nada quere facer unha corrección que vén dada por un erro na transcripción da proposta. No primeiro punto da proposta onde di:

Primeiro. *Aprobar o réxime de asignacións de dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación de Muros que a seguir se detalla, con efectos dende a data de aprobación do acordo plenario da Corporación.*

Debe dicir:

Primeiro.- *Aprobar o réxime de asignacións de dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación de Muros que a seguir se detalla, con efectos retroactivos segundo o artigo 39.3, no caso do Alcalde, con efectos retroactivos dende o día seguinte a aceptación do cargo, isto é, dende o día 8 de xullo de 2023 e no caso dos concelleiros delegados, dende o día seguinte a delegación de competencias que foi o día 13 de xullo de 2023, entón dende o día 14 de xullo de 2023.*

A señora alcaldesa continúa lendo a proposta que é do seguinte literal:

- *Alcaldía: dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 2.500 euros en catorce pagas ao ano.*
- *Primeiro tenente de alcalde cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria cunha remuneración bruta mensual de 2.000,00 euros en catorce pagas ao ano.*
- *Segundo tenente de alcalde, dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 1.800 euros en catorce pagas ao ano.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Terceiro tenente de alcalde, cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria cunha remuneración bruta mensual de 1.700,00 euros en catorce pagas ao ano.*
- *Concelleiro de deportes e xuventude, dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 1.800 euros en catorce pagas ao ano.*

Segundo.- *Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.*

Terceiro.- *Unha vez se dite a resolución da alcaldía, o mesmo será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.”*

Este acordo queda supeditado e condicionado á corresponde modificación presupostaria que se terá que levar a cabo.

A Sra. Monteagudo indica que non foi un erro xa que modifica substancialmente a proposta que se lles enviou, polo que se reservan a posibilidade de tomar algunha medida ao respecto. Polo demais, dende a toma de posesión da nova corporación, fala nalgunha entrevista da mala situación económica do Concello, mais non debe ser tanto, cando traen a proposta de tres dedicacións exclusivas e dúas parciais cun custo anual de 137.200 euros, só en salarios da corporación, fronte aos 84.000 euros da lexislatura anterior. E se a este importe lle suman a Seguridade Social o custo dispárase notablemente, ademais das retribucións por asistencia a xuntas de goberno, comisións e pleno, que era de 109.000 euros na lexislatura anterior, e neste pasa a máis de 200.000 euros. Sinala que o interventor di no informe que esta proposta supera amplamente as partidas previstas e vai diminuír a partida da bolsa de persoal polo que se van ver comprometidos os servizos públicos municipais. Di que nos informes de Secretaría e Intervención advirten que a proposta incorre en fraude de lei posto que falaba de dúas dedicacións parciais do 90 % e 95 % e o límite legal para o concello é de tres e ante estes informes modificaron as dedicacións parciais na proposta de Alcaldía ao 75 % non os salarios asignados. O salario da alcaldesa é superior ao da anterior alcaldesa cuns 35.000 euros anuais, dous concelleiros cuns 25.000 euros anuais máis o custo da seguridade social, e os concelleiros con dedicacións parcial, cobrarían 2.000 euros mensuais en 14 pagas, máis ca un concelleiro con dedicación exclusiva, e o outro cobra menos, 1.700 euros mensuais en 14 pagas. Entenden que como indica no informe de Intervención a retribución máxima da dedicación parcial calcúlase proporcionalmente á porcentaxe de dedicación exclusiva. O tres concelleiros que tiñan unha dedicación parcial de 75% na lexislatura anterior cobraban un salario mensual de 1.200 euros cada un. Di que os salarios dispáranse e deberían de considerar as asignacións dos concelleiros totalmente discriminatorias e di que lles parece unha cousa bastante incoherente e remata dicindo que entenden que o informe de Intervención sexa desfavorable.

O Sr. Lago sinala que non sabe quen é interventor do Concello e di que o conxunto de todo non lle parece ningún disparate xa que quen traballa ten que cobrar, e un cargo público está a disposición as 24 horas do día. No informe o que di é que cartos sempre hai e deberían de dispoñer deles antes de aprobar esta proposta.

A Sra. González di que lle estraña moito a intervención da voceira do Partido Popular xa que acaban de saír do goberno e di que non saben como está as contas. Fixeron un presuposto coa axuda do partido socialista e parécelles moi ben que lles veñan a dicir que o grupo de goberno cobra moito sen saber o que van a traballar. Fala de que o informe de Intervención di que nesa partida non hai cartos suficientes e a oposición sabía de sobra que non había cartos nela. Con respecto da data de empezar a cobrar, todos e todas deben cobrar o mesmo día. E se se remiten a outros concellos do Partido Popular os salarios da Alcaldía e das Concellerías son moi grandes, pero iso está ben; e di que entenden que estean enfadados.

A señora alcaldesa di que os documentos teñen sinatura dixital no que se ve o nome da persoa perfectamente e sinala que no momento están traballando cun interventor accidental que está presente no pleno. E en resposta ao Partido Popular di que quedou patente que as persoas que non aparecen son ineficaces e di que lle preguntou varias veces cando a Sra. Monteagudo era alcaldesa cal era o horario desas persoas e gouse a contestarlle e ela di que os concelleiros do grupo de goberno inda sen cobrar están



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

vindo de primeira á última hora e cre que poden xustificar neste mes perfectamente o salario, e pregúntase se seguiran eles catro anos máis non subirían os salarios. Sinala que a ela gústalle a política e está polo servizo público pero ao final de mes come, así que quen traballa ten que cobrar. En canto ás porcentaxes refírese á xornada laboral e non ao salario. O informe de Intervención dicía que había que reducir as dedicacións parciais e tamén di que non hai partida para subir a asignación de asistencia a órganos colexiados. Unha subida que xa se quixo facer antes, e non se fixo, e consideran que a oposición debe estar dotada de recursos económicos pois tamén lles supón tempo de dedicación. Di que esta subida é cara á oposición e que están traballando cun orzamento desactualizado do ano 2021, e estanse atopando con moitos problemas para pagar por a corporación anterior non ter feito o seu traballo.

A Sra. Monteagudo di que a Sra. González segue na súa liña de mesturar allos con bugallos, e sinala que o acordo ao que chegaron é un reparto de diñeiro puro e duro e que a dedicación é a xornada é evidente. Expressa que no falaron coa oposición sobre o pleno de organización e insiste na modificacións substanciais da proposta e teñen claro que é unha modificación importante da partida e que isto vai significar unha diminución dos servizos públicos.

O Sr. Lago fala do aumento económico desta partida e di que se non aceptan o que vai propor vese obrigado a votar en contra e non é polos salarios. Di que quere que a alcaldesa lle pregunte á secretaria se se pode adoptar este acordo económico sen ter consignación presupostaria, posto que é competencia da Alcaldía decidir se ela pode intervir.

A Sra. González di que o Partido Popular non ten argumentos, e expresa que precisan un tempo para demostrar o seu traballo e espera que a oposición faga oposición.

A señora alcaldesa di que o acordo do que fala a Sra. Monteagudo tomouse no mesmo momento no que tomaron posesión e logo enviouse á prensa. Non podía pór os salarios no acordo sen coñecer o estado das contas. Indica que a corporación anterior deixou moitas facturas por pagar. E con respecto ao dito polo Sr. Lago, sinala que a secretaria e o interventor non poden intervir e o que tiñan que dicir está reflectido nos seus informes, e se el considera o de votar en contra, é da súa total liberdade. E expresa que lles dixeron que podían facer a corrección do Decreto no Pleno.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e cos votos en contra do grupo municipal popular (5) e co voto en contra do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por maioría absoluta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o réxime de asignacións de dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación de Muros que a seguir se detalla, con efectos retroactivos segundo o artigo 39.3, no caso do Alcalde, con efectos retroactivos dende o día seguinte a aceptación do cargo, isto é, dende o día 8 de xullo de 2023 e no caso dos concelleiros delegados, dende o día seguinte a delegación de competencias que foi o día 13 de xullo de 2023, entón dende o día 14 de xullo de 2023.

- Alcaldía: dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 2.500 euros en catorce pagas ao ano.
- Primeiro tenente de alcalde cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria cunha remuneración bruta mensual de 2.000,00 euros en catorce pagas ao ano.
- Segundo tenente de alcalde, dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 1.800 euros en catorce pagas ao ano.
- Terceiro tenente de alcalde, cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria cunha remuneración bruta mensual de 1.700,00 euros en catorce pagas ao ano.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- Concelleiro de deportes e xuventude, dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 1.800 euros en catorce pagas ao ano.

Segundo.- Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.

Terceiro.- Unha vez se dite a resolución da Alcaldía, o mesmo será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Cuarto.- Este acordo queda supeditado e condicionado a correspondente modificación presupostaria que se terá que levar a cabo.

SÉPTIMO.- Aprobación das contías por asistencia aos órganos colexiados e indemnizacións. Asignación aos Grupos Políticos Municipais.

Intervén a señora alcaldesa que explica a proposta de réxime de asistencias ás sesións de órganos colexiados que queda supeditada á existencia de crédito orzamentario ou a súa modificación de ser necesario:

Polo o exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- Aprobar a seguinte dotación de medios a favor dos grupos políticos:

Dotación económica de 8.800 euros

Dotación a cada grupo político: 40%

Dotación por concelleiros de cada grupo: 60%

Segundo.- Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán as seguintes indemnizacións por asistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte:

- *Pleno da Corporación: 100 euros.*
- *Xuntas de Goberno: 150 euros.*
- *Comisións Informativas: 100 euros. No suposto de que se convoquen máis dunha comisión informativa no mesmo día, soamente se cobrará a primeira.*

Terceiro.- Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral."

A señora alcaldesa indica que cren que é preciso dotar os grupos políticos de orzamento para que estes poidan facer oposición. Esta modificación das retribucións queda supeditada á existencia de crédito como tamén pasa co anterior punto e de ser así a correspondente modificación orzamentaria que se tería que levar a cabo.

A Sra. Monteagudo di que eles non veñen polos 100 nin polos 150 euros, e sinala que antes polas xuntas de goberno local non se cobraba nada, e agora 150 euros, e cren que é para compensar a única concelleira que non ten dedicación. Indica que as comisións de goberno pasan a 30 euros a 100 euros, e a sesións plenarias de 60 euros a 100 euros.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O Sr. Lago di que as cifras non lle espantan e se os concelleiros con dedicacións non van cobrar por asistencias a órganos colexiados considera que sobra o de cobrar polas xuntas de goberno. Sinala que volve a ler no informe de Intervención que non hai consignación suficiente e volve a solicitar que a señora alcaldesa lle pida á secretaria que interveña para asesorar á corporación en se poden ou non adoptar este acordo. E se é o caso que faga unha advertencia da ilegalidade.

A Sra. González sinala que a intención das xuntas de goberno é que participen máis persoas ca as que forman parte do equipo de goberno. Os/as concelleiros/as con dedicación non van cobrar por ir ás xuntas de goberno. E expresa que están esperando a que a oposición renunciara aos 100 euros, posto que teñen que ser coherentes co que din.

A señora alcaldesa sinala que a vista da petición do Sr. Lago que van facer un receso.

A señora alcaldesa pídelles ao Sr. Lago que concrete a petición, e este di que a vista de que hai unha diverxencia entre o informe de Intervención e o de Secretaría, en base o artigo do artigo 94 do ROF polo que quere que a señora alcaldesa lle pregunte á secretaria si se pode adoptar este acordo económico sen ter dotación económica.

A secretaria en canto ao formulado polo Sr. Lago reitera que no artigo 94.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) concreta que a secretaria pode asesorar á corporación cando fose requirida pola Alcaldía, máis con respecto a esta solicitude de emitir informe polo Sr. Lago, a secretaria que non ten datos *in situ* para emitir o informe solicitado. En todo caso, manifesta que a cuestión relativa á existencia ou non de crédito suficiente e adecuado entende que é competencia da Intervención e na proposta da Alcaldía xa se indica claramente que o acordo, tanto o do punto sexto como o punto sétimo, queda supeditada a oportuna modificación presupostaria necesaria para que exista crédito suficiente e adecuado.

O Sr. Lago di que non é por petición del, senón da señora alcaldesa. A alcaldesa reitera que o informe non se pode facer *in situ*.

A señora alcaldesa expresa que a partida para os grupos políticos é de 8.200 euros e que non hai bolsa de vinculación polo que a deixan como estaba, mais non descartan modificala nun futuro cuns novos orzamentos. Con respecto ás xuntas de goberno decidiron pagalas porque hai persoas que forman parte delas que non teñen dedicación e si van traballar nelas e ese traballo debe ser remunerado. Remata a súa intervención e dá paso á segunda quenda.

A Sra. Monteagudo di que agora entende que falasen pouco nas comisións anteriores e que era por que cobraban pouco. E que irán vendo se esta vai ser a tónica de desenvolvemento dos plenos e se van ter que traer a cea.

O Sr. Lago indica que vai presentar un escrito para que se estude a compatibilidade da súa pensión e o cobro destas asignacións.

A Sra. González di que espera escoitar ás/aos concelleiros/as do Partido Popular nas comisións e non só á Sra. Monteagudo.

A secretaria expresa que a señora alcaldesa pode solicitar que a proposta quede na mesa á espera do informe de Secretaría.

A señora alcaldesa dá paso ás votacións.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3), e cos votos en contra do grupo municipal popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por maioría absoluta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Primeiro.- Aprobar a seguinte dotación de medios a favor dos grupos políticos:

Dotación económica de 8.800 euros

Dotación a cada grupo político: 40%

Dotación por concelleiros de cada grupo: 60%

Segundo.- Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán as seguintes indemnizacións por asistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte:

1. Pleno da Corporación: 100 euros.
2. Xuntas de Goberno: 150 euros.
3. Comisións Informativas: 100 euros. No suposto de que se convoquen máis dunha comisión informativa no mesmo día, soamente se cobrará a primeira.

Terceiro.- Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, e de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.